

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 14.09.2018 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 33392 (10/POC-005212)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel
Sobre os datos que posúe a Xunta de Galicia en relación cos procesos de automatización que afectan o mercado laboral, os cambios que prevé no emprego relacionados coa implantación xeneralizada de novas tecnoloxías e as actuacións previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 1.2 34661 (10/POC-005493)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para impulsar as medidas lexislativas e administrativas precisas para regular a actividade de lobby no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.3 34663 (10/POC-005495)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para abordar a negociación en relación coa aplicación no sector público autonómico do II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo, suscrito o 9 de marzo de 2018 polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.4 34693 (10/POC-005511)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as condicións de cesión e uso do antigo instituto de Viana do Bolo

por parte dunha fundación privada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

- 1.5 35354 (10/POC-005607)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, así como as alegacións presentadas, respecto da orde do Goberno central referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso da enerxía eléctrica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018
- 1.6 35413 (10/POC-005627)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre as razóns do incremento que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2018 en relación co conxunto das comunidades autónomas, así como os datos ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

Punto 2. Dación de Conta

- 2.1 32823 (10/ESEX-000008)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias, Primeiro trimestre de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 331, do 04.07.2018
- 2.2 32475 (10/MOP-000022)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de maio de 2018
Publicación, BOPG n.º 329, do 29.06.2018
- 2.3 33426 (10/MOP-000023)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2018
Publicación, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 2.4 34591 (10/MOP-000024)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xullo de 2018
Publicación, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

(Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos)

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33392(10/POC-005212)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre os datos que posúe a Xunta de Galicia en relación cos procesos de automatización que afectan o mercado laboral, os cambios que prevé no emprego relacionados coa implantación xeneralizada de novas tecnoloxías e as actuacións previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e **Manuel Lago Peñas**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3.ª**

A fundación da Obra Social Abanca vén de publicar o resumo executivo da súa publicación *A economía galega. Informe 2017*, un estudo elaborado en colaboración co Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE). A investigación reserva un espazo á preocupación que está xerando a automatización de tarefas que, ata o de agora, foran desenvolvidas por traballadores e traballadoras. A inxerencia vai en aumento porque, como podemos comprobar na nosa vida cotiá, as máquinas non só poden realizar accións mecánicas e repetitivas propias dos traballos pouco cualificados, senón que, cada vez máis, son quen de encargarse de labores que requiren manexar e explotar un gran volume de información co obxecto de levar a cabo comportamentos complexos. A Intelixencia Artificial, o Internet das cousas, a xestión da información que permiten os big data... están permitindo ás máquinas comezar a disputar algúns postos de traballo de alta cualificación. Ademais, aínda que moi poucas profesións poidan ser enteiramente automatizadas no futuro próximo, moitas son susceptibles de ser parcialmente automatizadas, o que pode diminuír o número de profesionais necesarios para satisfacer as necesidades da sociedade.

Asumindo a metodoloxía adoptada polos economistas Carl Frey e Michael Osborne –que calcula a probabilidade de automatización das ocupacións estudando o impacto sobre os salarios e os niveis de formación–, o informe de



Afundación conclúe que o número de traballadores en risco de ser substituídos por máquinas en Galicia é de máis do 30%, isto é, case 1 de cada 3 traballadores, porcentaxe que supera a calculada para o conxunto do Estado.

Aínda que ao proceso de automatización do traballo lle queda un longo camiño por diante, as súas primeiras manifestacións xa se están deixando sentir con contundencia nalgúns espazos, como nos supermercados e nas tendas físicas. Zara é un exemplo recente disto. A firma do grupo Inditex decidiu instalar máquinas de pago automático nalgunhas tendas da provincia de A Coruña coa oposición dos sindicatos e dos traballadores, que consideran que a compañía está recortando os gastos a costa dos traballadores.

Por suposto, non todo o que ten que ver coa automatización son riscos, senón que hai tamén oportunidades que poden ser aproveitadas. A automatización permite que a produtividade medre, tanto dende o punto de vista dos negocios como dende a perspectiva das economías, algo proveitoso en países nos que a poboación en idade de traballar diminúe. Ademais, a automatización pode favorecer a competitividade das pequenas empresas, na medida na que lles facilita unha maior produción e uns resultados máis profesionais.

Ante este panorama, ás administracións tócalles actuar con responsabilidade e visión de futuro, anticipando cal será o impacto da automatización, e actuando para sacarlle partido as súas oportunidades e minimizar os seus riscos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a:

Que datos manexa a Xunta de Galicia acerca dos procesos de automatización que afectan ao mercado laboral?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 13:18
Nº Rexistro: 33392
Data envío: 12/07/2018 13:18:02.407



Que cambios no emprego prevé no futuro relacionados coa popularización de novas tecnoloxías?

Que vai facer para aproveitar as oportunidades relacionadas coa automatización?

E para combater os seus riscos?

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 12/07/2018 13:17:09

José Manuel Lago Peñas na data 12/07/2018 13:17:17

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 34661(10/POC-005493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para impulsar as medidas lexislativas e administrativas precisas para regular a actividade de lobby no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A falta de claridade conceptual e de regulación con respecto aos grupos de interese (*lobbies*) supón en moitas ocasións a confusión entre estes grupos e o tráfico de influencias, pero mentres o *lobby* presupón un certo equilibrio, *a priori*, no campo de xogo, o tráfico de influencias, todo o contrario, consiste nun abuso de posición, normalmente ilegal, ilícita, do que se obteñen beneficios. Un grupo de interese implica unha declaración de intencións e, nesa medida, o recoñecemento de que o xogo de forzas se debe facer explícito para que os cidadáns, as organizacións, os consumidores, o conxunto de axentes, saiban a que aterse. Por iso, o recoñecemento, a formalización e a regulación dos *lobbies* no noso país, na nosa comunidade, é unha imperiosa esixencia de transparencia e calidade democrática.

Segundo o Eurobarómetro, o 77 % dos españois cren que a corrupción é parte da cultura dos negocios, mentres que un 67 % considera que a única forma de ter éxito nos negocios son as conexións políticas. Estas percepcións son aínda máis fortes entre as empresas, das que un 91 % ve excesivos vínculos entre diñeiro e política. Basta ser espectador dos principais casos xudiciais de corrupción no noso país para ser conscientes deste grave problema social, económico e político.

O *Libro verde sobre a iniciativa europea en favor da transparencia*, elaborado pola Comisión Europea en maio de 2006, define o *lobbismo* como unha parte lexítima do sistema democrático, independentemente de que esta actividade sexa realizada por particulares, empresas, organizacións da sociedade civil así como por outros grupos de interese ou, incluso, firmas que traballan en nome de terceiras persoas, como responsables de relacións institucionais, laboratorios de ideas (*think-tanks*) ou profesionais da avogacía. Unha actividade que debe de ser pública para que a cidadanía teña pleno acceso á información sobre todo o que incide no comportamento das institucións e das autoridades.

Nas distintas iniciativas presentadas polo noso Grupo parlamentario nos anteriores períodos de sesións desta X Lexislatura en materia de calidade



Grupo Parlamentario

democrática e medidas contra a corrupción, e sistematicamente rexeitadas polo Grupo do Partido Popular, recollíamos as consideracións do Grupo de Estados contra a Corrupción (GRECO) do Consello de Europa.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O seu informe de xullo de 2016 supuña un severo correctivo ante a inacción das autoridades españolas (co Goberno do Partido Popular ao fronte) ao concluír que o noso país non ten observado de maneira satisfactoria ningunha das recomendacións contidas no seu informe de avaliación do Cuarto ciclo de 2014. Sen paliativos, GRECO cualifica como “globalmente insatisfactorio” o grao de cumprimento das súas recomendacións.

Os gobernos do Partido Popular teñen buscado crear a aparencia de impulsar un ambicioso paquete de iniciativas dirixidas a loitar contra a corrupción, pero tanto a realidade socio-política do noso país (ver sucesivos barómetros CIS) como as conclusións do Informe GRECO 2016 desmenten incontestablemente esta errada pretensión, non atendéndose así ás esixencias preconizadas polo Consello de Europa.

No seu Informe de conformidade intermedia de seguimento da prevención da corrupción, adoptado na súa 78ª reunión plenaria en Estrasburgo nos pasados días 4-8 de decembro de 2017, o Consello de Europa volve observar como España non está a cumprir de forma satisfactoria as recomendacións contra a corrupción. Entre estas recomendacións, GRECO insta a regular os grupos de interese e as súas relacións coas autoridades públicas e, sinaladamente, cos representantes políticos.

Nunha comparecencia parlamentaria en 2015 o propio presidente do Consello Galego da Competencia aludía claramente a determinados axentes que interveñen no mercado como focos de especial atención en materia de libre competencia e, polo tanto, sectores máis que propicios a desenvolver presión sobre as autoridades reguladoras á hora de acordar políticas públicas.

Tamén o presidente do Parlamento galego anunciaba en decembro de 2016 que promovería que a axenda dos deputados autonómicos sería pública para a cidadanía.

Ao igual que Estados avanzados da nosa contorna, institucións da UE e algunhas comunidades autónomas, Galicia ten tamén que adoptar todas as medidas necesarias para reforzar a lexitimidade do seu Goberno, das súas institucións, e reducir así a percepción de corrupción sistémica. E a regulación do *lobby* é unha das medidas precisas para reducir riscos de corrupción e mellorar a calidade e a transparencia na toma de decisións políticas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 12:18
Nº Rexistro: 34661
Data envío: 20/08/2018 12:18:19.385



Grupo Parlamentario

Por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que previsións ten o Goberno galego para impulsar as medidas legislativas e administrativas precisas para regular a actividade de *lobby* no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/08/2018 12:17:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/08/2018 12:17:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/08/2018 12:17:52

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/08/2018 12:17:56

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 34663(10/POC-005495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para abordar a negociación en relación coa aplicación no sector público autonómico do II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo, suscrito o 9 de marzo de 2018 polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O pasado 9 de marzo actual o ministro de Facenda e Función Pública asinou con CCOO, UGT e CSI-F o *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, tras manifestar que a mellora da situación económica e orzamentaria e o recoñecemento da aportación que ten suposto o traballo dos empregados e empregadas ao servizo das Administracións Públicas para acadar esta situación, conduce a un escenario no que se articula un acordo global e plurianual.

As partes asinantes consideran que a situación actual aconsella articular aspectos retributivos nun marco temporal axeitado, para dotar de estabilidade, certeza e seguridade nesta materia ás administracións públicas e ao persoal ao seu servizo. A mellora das condicións de traballo do persoal funcionario, laboral, estatutario, docente e ao servizo da Administración de Xustiza redundará de maneira directa nun incremento da calidade da prestación dos servizos públicos que recibe a cidadanía.

O acordo, en materia retributiva, formula un horizonte temporal a tres anos a incluír nas sucesivas leis orzamentarias, quedando a parte variable vencellada durante 2018, 2019 e 2020 ao crecemento da economía española e, no terceiro exercicio, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O acordo tamén recolle o incremento da Oferta de Emprego Público de 2018, con taxas adicionais para determinados sectores ou derivadas de incrementos de poboación.

En terceiro lugar, este acordo asume novos compromisos en materia de estabilidade do emprego público, xornada de traballo, conciliación e tratamento retributivo das situacións de incapacidade temporal, plans de igualdade, necesidades formativas e xubilación parcial.

Sen prexuízo daquelas materias acordadas que afectan a competencias básicas estatais, os demais aspectos recollidos neste acordo poderán ser obxecto de



Grupo Parlamentario

negociación nos seus respectivos ámbitos, incluído, no caso de Galicia, o noso sector público autonómico.

Considerando a transcendencia deste acordo en materia de emprego público, que debe ter xa reflexo no presente exercicio 2018 na nosa Administración autonómica.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que previsións ten o Goberno galego para abordar coa maior urxencia a negociación para a aplicación no sector público autonómico do *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, suscrito con data 9 de marzo actual polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/08/2018 12:20:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/08/2018 12:20:19

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/08/2018 12:20:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/08/2018 12:20:31

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 34693(10/POC-005511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as condicións de cesión e uso do antigo instituto de
Viana do Bolo por parte dunha fundación privada

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34693
Data envío: 20/08/2018 13:28:55.193

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo.

No ano 2012, como xa daquela denunciou publicamente o Bloque Nacionalista alego, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo. A solicitude de cesión do inmovible fora solicitada pola mencionada fundación con data do 15 de febreiro de 2015. Con posterioridade, trala tramitación do oportuno expediente foi acordada no pleno do día 19 de abril de 2012 a cesión gratuita por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Xa por aquel entón as e os nacionalistas indicamos que faltaba claridade financeira, ao non recoller concrecións a memoria presentada por tal fundación, que non esclarecía a orixe do seu financiamento nin con que apoios económicos contaba. Faltaba tamén concreción temporal para o desenvolvemento da súa actividade nin prazos de execución do investimento nin tan sequera de presentación do proxecto. Finalmente, fomos contundentes tamén coa falta de participación municipal.

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34693

Data envío: 20/08/2018 13:28:55.193

beneficiaria dunha subvención vencellada os programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063). Dita subvención, ten como obxecto o citado entro de tecnificación de actividades físico deportivas de lecer e formación, tal e como se pode comprobar na súa resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Na actualidade, malia diversas solicitudes de información, non consta información para o concello a respecto da realización das actividades comprometidas para a obtención de subvención e é posíbel que o non uso das instalacións para o fin comprometido poida implicar a reversión da concesión e o seu retorno para a xestión pública. Ademais, é de especial importancia auditar as actuacións subvencionadas por un programa que constitúe un recurso potencialmente útil para unha poboación con tantas necesidades de intervención como é a de Viana do Bolo.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos

subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Porén, pasado un ano continuamos sen ter unha resolución ao respecto.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento por parte de Agader do acordo emanado da Cámara galega?

- Por que medios e en que datas se tratou esta cuestión?

- Ten constancia a Xunta de Galiza de se a Fundación Cipri Gomes de Viana do Bolo cumpre coas funcións comprometidas para a obtención de recursos económicos a través da Agader e os fondos Leader?

- Coñece o goberno galego xustificación para a contía comprometida a través da resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013?

- Ten coñecemento o goberno galego das prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012 polas que foi condenado o señor Cipriano Augusto Gomes, presidente da Fundación Cipri Gomes? Ten avaliado se a xestión de fondos públicos do centro de Viana do Bolo cumpre coas garantías esixíbeis?

- Ten pensado o goberno galego levar a cabo algún tipo de inspección ou auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos desde o 19 de abril de 2012 por



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34693

Data envío: 20/08/2018 13:28:55.193

parte da Fundación Cipri Gomes na que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2018 13:24:24

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2018 13:24:29

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2018 13:24:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2018 13:24:32

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2018 13:24:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34693
Data envío: 20/08/2018 13:28:55.193

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2018 13:24:35

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 35354(10/POC-005607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, así como as alegacións presentadas, respecto da orde do Goberno central referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso da enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35354
Data envío: 30/08/2018 11:04:29.068

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

O Goberno español vén de publicar a Orde na que recolle os suplementos territoriais en relación ás peaxes de acceso á enerxía eléctrica e que suporán o pago por parte das persoas consumidoras dos impostos específicos que paguen as empresas eléctricas pola súa produción. De acordo coa memoria económica que acompaña a proposta de Orde publicada polo Goberno español, Galiza será quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos. Así as cousas, a contía variará en función do consumo e a potencia contratada.

Para o BNG, a Orde é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos. Ademais, é o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas. As medidas do goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha neste tempo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35354
Data envío: 30/08/2018 11:04:29.068

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Considera o goberno galego un éxito da súa xestión que Galiza vaia pagar a luz máis cara do Estado?

-Que actuacións desenvolveu desde que se coñeceu a Orde do goberno central? Foi este un dos asuntos da reunión entre o señor Sánchez e o señor Feijóo? Presentou alegacións? Con que contido? Con que resposta?

-Que vai facer o goberno galego diante da vulneración contra as competencias galegas en materia de tributación?

-Considera o goberno galego que esta medida discrimina negativamente ás Comunidades produtoras como Galiza que soportan as instalacións de xeración?

-Vai modificar a Xunta de Galiza a súa política fiscal en relación á produción de enerxía?

-Segue a soste o goberno galego que no Estado haxa unha tarifa única? Como explica entón o sobrecusto aos galegos e galegas?

-Ten apostado o goberno galego nesta cuestión pola negociación bilateral? Con que resultado?

-Desobedecerá o goberno a suba da factura para as e os galegos? Demandará ao estado asumir este custo? Asumirao a propia Xunta?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35354
Data envío: 30/08/2018 11:04:29.068

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:02:14

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:02:19

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:02:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:02:22

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:02:23

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:02:25

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 35413(10/POC-005627)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns do incremento que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2018 en relación co conxunto das comunidades autónomas, así como os datos ao respecto

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**.

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Estremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito



relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. A que é debido este incremento da débeda?
2. Como é posible que en Galicia a débeda se incremente nun 4,81% e para o conxunto das CCAA o incremento sexa do 0,54%?
3. Como explica a Xunta que Galicia sexa a Comunidade Autónoma onde máis se incrementa a débeda?
4. Que parte desta débeda é levada a cabo a través dos mecanismos extraordinarios de financiamento?
5. Que parte desta débeda se establece cos bancos?
6. Cales son as entidades financeiras coas que Galicia se endebeda?
7. No caso de ser establecidas con bancos, cal é o custe?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:13
Nº Rexistro: 35413
Data envío: 30/08/2018 13:13:40.724



José Manuel Lago Peñas na data 30/08/2018 13:12:50

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Dación de Conta

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 32823(10/ESEX-000008)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias, Primeiro trimestre de 2018

Publicación da iniciativa, 331, 04.07.2018



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZIA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **primeiro trimestre de 2018**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Dación de conta

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 32475 (10/MOP-000022)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de maio
de 2018



Publicación, 329, 29.06.2018



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de maio de 2018.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 14/06/2018 12:53:04

CVE: ORPcB4OmQ1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 33426 (10/MOP-000023)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño
de 2018

Publicación, 338, 19.07.2018



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

13 XULL. 2018

Núm. 33926

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

13 XULL. 2018

SAIDA

Num. 258

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2018.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 12/07/2018 14.48.37

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: sFKen19810
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 34591 (10/MOP-000024)


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño
de 2018

Publicación, 350, 03.09.2018




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xullo de 2018.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 10/06/2018 13:09:23

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: XayLb8Txb6
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

